

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CEIP A GÁNDARA (NARÓN)**

**CURSO: 1º-6º NIVEL DE PRIMARIA**

**MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ÍNDICE

XUSTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	4
1º NIVEL DE PRIMARIA	4
2º NIVEL DE PRIMARIA	7
3º NIVEL DE PRIMARIA	10
4º NIVEL DE PRIMARIA	14
5º NIVEL DE PRIMARIA	18
6º NIVEL DE PRIMARIA	22
AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	26
METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	27

## XUSTIFICACIÓN

Segundo as **instrucións do 27 de abril de 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, estas teñen por obxecto determinar aqueles aspectos organizativos e académicos necesarios para o adecuado desenvolvemento do último trimestre do curso, das ensinanzas establecidas ao abeiro da **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación**, na redacción dada pola **Lei 8/3013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa**, no contexto da aplicación das medidas de contención no ámbito educativo e da formación previstas no **Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo**, polo que se declara o estado de alarma sanitaria ocasionada polo *COVID-19*.

## CONTEXTUALIZACIÓN

Seguindo as citadas instrucións e máis en concreto o punto 6.1, ditamina que os centros e o profesorado revisarán os currículos e as programacións didácticas para centrar así as actividades lectivas do derradeiro trimestre nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos/as, en función da súa etapa, curso, área ou materia, flexibilizando os seus plans de traballo e coidando de non penalizar ou afectar ao benestar do alumnado, nin sobrecárgalo de tarefas excesivas.

Respecto ás competencias e aprendizaxes (6.8), identificaranse as mesmas (estándares de aprendizaxe) e competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia, neste caso na Educación Física, que servirán de referente para o deseño das actividades de repaso ou reforzo que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.

A continuación pasaremos a determinar os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles que desenvolverá o noso alumnado na área de Educación Física. Estes elementos curriculares están organizados por cursos (de primeiro a sexto) e por unidades didácticas (aquelas traballadas ata o momento do inicio do estado de alarma sanitaria).

# ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

## 1º NIVEL DE PRIMARIA

### 1º AVALIACIÓN

#### UNIDADE DIDÁCTICA 1 HÁBITOS

##### CRITERIOS

B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.

##### ESTÁNDARES

EFB5.1.3. Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria. (CAA)

#### UNIDADE DIDÁCTICA 2 CORPO

##### CRITERIOS

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.

##### ESTÁNDARES

EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias.

#### UNIDADE DIDÁCTICA 3 HABILIDADES

##### CRITERIOS

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.

##### ESTÁNDARES

EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.

EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.

EFB3.1.3. Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.

#### UNIDADE DIDÁCTICA 4 XOGOS

##### CRITERIOS

B6.1. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.

## **ESTÁNDARES**

EFB6.1.1. Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.

EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. **(CSIEE)**

## **2º AVALIACIÓN**

### **UNIDADE DIDÁCTICA 5 EXPRESIÓN CORPORAL**

#### **CRITERIOS**

B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.

#### **ESTÁNDARES**

EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. **(CCEC)**

EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 6 EQUILIBRIO**

#### **CRITERIOS**

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.

#### **ESTÁNDARES**

EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 7 CAPACIDADES**

#### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.

#### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.4. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.

## **COVID-19**

### **UNIDADE DIDÁCTICA 8 XOGOS TRADICIONAIS**

#### **CRITERIOS**

B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.

B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.

#### **ESTÁNDARES**

EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información. **(CD)**

EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

### 3º AVALIACIÓN

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 9 CORPO-EQUILIBRIO-SENTIDOS**

##### **CRITERIOS**

B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.

##### **ESTÁNDARES**

EFB1 3.2. Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores.

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 10 HABILIDADES-CAPACIDADES**

##### **CRITERIOS**

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.

##### **ESTÁNDARES**

EFB2.2.3. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 11 XOGOS NA NATUREZA**

##### **CRITERIOS**

B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.

##### **ESTÁNDARES**

EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.

#### **COMPORTAMENTO (BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA)**

##### **CRITERIOS**

B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.

##### **ESTÁNDARES**

EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas. (CSC)

## **2º NIVEL DE PRIMARIA**

### **1º AVALIACIÓN**

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 1 HÁBITOS**

##### **CRITERIOS**

B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.

##### **ESTÁNDARES**

EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde. (CAA)

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 2 CORPO**

##### **CRITERIOS**

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

##### **ESTÁNDARES**

EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 3 HABILIDADES**

##### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

##### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.

EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.

EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.

EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 4 XOGOS**

##### **CRITERIOS**

B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.

## **ESTÁNDARES**

EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos. (CSC)

## **2º AVALIACIÓN**

### **UNIDADE DIDÁCTICA 5 EXPRESIÓN CORPORAL**

#### **CRITERIOS**

B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.

#### **ESTÁNDARES**

EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. (CCEC)

EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 6 EQUILIBRIO**

#### **CRITERIOS**

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

#### **ESTÁNDARES**

EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.

EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 7 CAPACIDADES**

#### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

#### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.

## **COVID-19**

### **UNIDADE DIDÁCTICA 8 XOGOS TRADICIONAIS**

#### **CRITERIOS**

B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.



## **ESTÁNDARES**

EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. (CD)

EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

## **3º AVALIACIÓN**

### **UNIDADE DIDÁCTICA 9 CORPO-EQUILIBRIO-SENTIDOS**

#### **CRITERIOS**

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

#### **ESTÁNDARES**

EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuíndo os tempos de resposta.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 10 HABILIDADES-CAPACIDADES**

#### **CRITERIOS**

B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

#### **ESTÁNDARES**

EFB1.3.2. Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 11 XOGOS NA NATUREZA**

#### **CRITERIOS**

B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.

#### **ESTÁNDARES**

EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.

### **COMPORTAMENTO (BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA)**

#### **CRITERIOS**

B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

#### **ESTÁNDARES**

EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.

(CSIEE)

### **3º NIVEL DE PRIMARIA**

#### **1º AVALIACIÓN**

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 1 HÁBITOS**

##### **CRITERIOS**

B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.

##### **ESTÁNDARES**

EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde. (CAA)

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 2 RESPIRACIÓN-CORPO**

##### **CRITERIOS**

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

##### **ESTÁNDARES**

EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración. (CAA-CSC)

EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural. (CMCT)

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 3 HABILIDADES**

##### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

##### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. (CSC-CCEC-CAA)

EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. (CSC-CCEE-CAA).

EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes. (CSC-CCEE-CAA)

EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio e a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais. (CSC-CCEE-CAA)

## **UNIDADE DIDÁCTICA 4 XOGOS PREDEPORTES**

### **CRITERIOS**

B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.

### **ESTÁNDARES**

EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas. (CSIEE)

## **2º AVALIACIÓN**

## **UNIDADE DIDÁCTICA 5 EXPRESIÓN CORPORAL**

### **CRITERIOS**

B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

### **ESTÁNDARES**

EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos. (CCEC-CSC-CAA)

EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente e en parellas.

(CCEC)

## **UNIDADE DIDÁCTICA 6 EQUILIBRIO-LATERALIDADE**

### **CRITERIOS**

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

### **ESTÁNDARES**

EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado.

## **UNIDADE DIDÁCTICA 7 CAPACIDADES**

### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.

### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.

EFB5.1.1. Mellora das capacidades físicas.

## **COVID-19**

### **UNIDADE DIDÁCTICA 8 XOGOS TRADICIONAIS**

#### **CRITERIOS**

B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia.

#### **ESTÁNDARES**

EFB1 2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información. (CD)

EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

## **3º AVALIACIÓN**

### **UNIDADE DIDÁCTICA 9 RESPIRACIÓN-CORPO-EQUILIBRIO-LATERALIDADE-SENTIDOS**

#### **CRITERIOS**

B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

#### **ESTÁNDARES**

EFB1.3.1. Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores. (CSIEE-CAA-CCEC-CSC)

EFB2.2.5. Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo. (CAA-CSC-CSIEE)

### **UNIDADE DIDÁCTICA 10 HABILIDADES-CAPACIDADES**

#### **CRITERIOS**

B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.

#### **ESTÁNDARES**

EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.

## **UNIDADE DIDÁCTICA 11 XOGOS NA NATUREZA**

### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais.

EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e a fauna do lugar.

## **COMPORTAMENTO (BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA)**

### **CRITERIOS**

B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.

### **ESTÁNDARES**

EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. (CSC)

## **4º NIVEL DE PRIMARIA**

### **1º AVALIACIÓN**

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 1 HÁBITOS**

##### **CRITERIOS**

B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.

##### **ESTÁNDARES**

EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde. (CAA)

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 2 RESPIRACIÓN-CORPO**

##### **CRITERIOS**

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

##### **ESTÁNDARES**

EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración.

EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural. (CMCT)

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 3 HABILIDADES**

##### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

##### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.

EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.

EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.

EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.

## **UNIDADE DIDÁCTICA 4 XOGOS PREDEPORTES**

### **CRITERIOS**

B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.

### **ESTÁNDARES**

EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas. (CSIEE)

## **2º AVALIACIÓN**

## **UNIDADE DIDÁCTICA 5 EXPRESIÓN CORPORAL**

### **CRITERIOS**

B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

### **ESTÁNDARES**

EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas e sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos. (CCEC)

EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.

## **UNIDADE DIDÁCTICA 6 EQUILIBRIO-LATERALIDADE**

### **CRITERIOS**

B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.

### **ESTÁNDARES**

EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.

EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de distintos móbiles.

## **UNIDADE DIDÁCTICA 7 CAPACIDADES**

### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.

### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.

EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.

## **COVID-19**

### **UNIDADE 8 XOGOS TRADICIONAIS**

#### **CRITERIOS**

B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

B6.2. Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

#### **ESTÁNDARES**

EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. (CD)

EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

## **3º AVALIACIÓN**

### **UNIDADE DIDÁCTICA 9 RESPIRACIÓN-CORPO-EQUILIBRIO-LATERALIDADE-SENTIDOS**

#### **CRITERIOS**

B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

#### **ESTÁNDARES**

EFB1.3.2. Demuestra certa autonomía resolvendo problemas motores.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 10 HABILIDADES-CAPACIDADES**

#### **CRITERIOS**

B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.

#### **ESTÁNDARES**

EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 11 XOGOS NA NATUREZA**

#### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

B6.4 Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.



## **ESTÁNDARES**

EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais con certo nivel de incertezas.(CSC-CAA)

EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.

## **COMPORTAMENTO (BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA)**

### **CRITERIOS**

B1.1. Opinar, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.

### **ESTÁNDARES**

EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. (CSC)

## **5º NIVEL DE PRIMARIA**

### **1º AVALIACIÓN**

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 1 HÁBITOS**

##### **CRITERIOS**

B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.

##### **ESTÁNDARES**

EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias... (CAA)

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 2 HABILIDADES**

##### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

##### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.

EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.

EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.

EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.

#### **UNIDADES DIDÁCTICA 3 BALONKORF, 4 ATLETISMO**

##### **CRITERIOS**

B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.

B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

## **ESTÁNDARES**

EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.

EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. (CMCT)

EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

## **UNIDADE DIDÁCTICA 5 EXPRESIÓN CORPORAL**

### **CRITERIOS**

B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

### **ESTÁNDARES**

EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos. (CCEC)

EFB4.1.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.

## **2º AVALIACIÓN**

## **UNIDADE DIDÁCTICA 6 CAPACIDADES**

### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.

### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.

EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas. (CSIEE)

## **UNIDADE DIDÁCTICA 7 BADMINTON, 8 HOCKEY**

### **CRITERIOS**

B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.

B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

## **ESTÁNDARES**

EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.

EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. (CMCT)

EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

## **COVID-19**

### **UNIDADE DIDÁCTICA 9 XOGOS TRADICIONAIS**

#### **CRITERIOS**

B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

## **ESTÁNDARES**

EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. (CD)

EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.

## **3º AVALIACIÓN**

### **UNIDADE DIDÁCTICA 10 HABILIDADES-CAPACIDADES**

#### **CRITERIOS**

B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

## **ESTÁNDARES**

EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz.

EFB1.3.2. Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 11 BALONCESTO, 12 DEPORTE**

#### **CRITERIOS**

B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.

B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

## **ESTÁNDARES**

EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.

EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. (CMCT)

EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

## **UNIDADE DIDÁCTICA 13 XOGOS NA NATUREZA**

### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades.

EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.

## **COMPORTEAMENTO (BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA)**

### **CRITERIOS**

B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.

### **ESTÁNDARES**

EFB1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. (CSC)

## **6º NIVEL DE PRIMARIA**

### **1º AVALIACIÓN**

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 1 HÁBITOS**

##### **CRITERIOS**

B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.

##### **ESTÁNDARES**

EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias. (CAA)

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 2 HABILIDADES**

##### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

##### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.

EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.

EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes.

EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural.

#### **UNIDADE DIDÁCTICA 3 BALONKORF, 4 ATLETISMO**

##### **CRITERIOS**

B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.

B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

## **ESTÁNDARES**

EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.

EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. (CMCT)

EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

## **UNIDADE DIDÁCTICA 5 EXPRESIÓN CORPORAL**

### **CRITERIOS**

B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

### **ESTÁNDARES**

EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos. (CCEC)

EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.

## **2º AVALIACIÓN**

## **UNIDADE DIDÁCTICA 6 CAPACIDADES**

### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.

### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.

EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas. (CSIEE)

## **UNIDADE DIDÁCTICA 7 BADMINTON, 8 HOCKEY**

### **CRITERIOS**

B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.

B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

## **ESTÁNDARES**

EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.

EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. (CMCT)

EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

## **COVID-19**

### **UNIDADE DIDÁCTICA 9 XOGOS TRADICIONAIS**

#### **CRITERIOS**

B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.

B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

#### **ESTÁNDARES**

EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. (CD)

EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.

## **3º AVALIACIÓN**

### **UNIDADE DIDÁCTICA 10 HABILIDADES-CAPACIDADES**

#### **CRITERIOS**

B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.

#### **ESTÁNDARES**

EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.

EFB1.3.2. Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.

### **UNIDADE DIDÁCTICA 11 BALONCESTO, 12 DEPORTE**

#### **CRITERIOS**

B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.



B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

### **ESTÁNDARES**

EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.

EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. (CMCT)

EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.

## **UNIDADE DIDÁCTICA 13 XOGOS NA NATUREZA**

### **CRITERIOS**

B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

### **ESTÁNDARES**

EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.

EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.

## **COMPORTAMENTO (BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA)**

### **CRITERIOS**

B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas.

### **ESTÁNDARES**

EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. (CSC)

## AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Seguindo as **instrucións do 27 de abril de 2020**, respecto ao tema da avaliación e cualificación do alumnado esta adaptárase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes xa desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma **polo Real Decreto 436/2020**, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados. Tendo en conta que nos grupos A e B dos distintos niveis educativos non hai nenos nin nenas coa materia suspensa en ningunha das dúas avaliacións, consideramos que non é necesario levar a cabo actividades de recuperación. Iso si, poderían avaliarse aquelas actividades de reforzo que o alumnado realiza na súa casa, para que estes/as **poidan subir ata medio punto a súa cualificación final**, tendo en conta sempre as características persoais do neno/a.

Respecto a avaliación das actividades de reforzo e repaso, o alumnado que desexe aumentar a súa nota ata medio punto máis (explicado anteriormente) deberá enviar polo menos os vídeos de dúas semanas das seis que quedan para rematar o curso (**comezando na semana do 11 de maio**) das actividades propostas polos mestres de Educación Física ao correo destes ou subilo a unha nube e enviar un enlace aos citados correos. Os vídeos non deben de ser de toda a sesión, basta cun xogo ou actividade ou un par deles. No caso de alumnado lesionado ou con algunha enfermidade que non lle permitira realizar actividade física ou con problemas de desconexión (enviadas a través do concello), o profesorado lles proporcionará unhas instrucións para que elaboren un traballo ou mural dunha temática tratada ao longo do curso.

Por último, o **procedemento de cálculo da cualificación final** que se consignará na avaliación ordinaria, levarase a cabo polo procedemento de media aritmética, dándolle máis importancia ao 1º trimestre (impartimos toda a materia programada) que ao 2º (non se chegou a impartir todo o planificado). Por exemplo, no suposto de que un neno/a tivera un 6 no 1º trimestre e un 5 no segundo, quedaríalle unha nota ordinaria de 6. Mentres que no caso contrario (5 e 6) quedaríalle unha nota ordinaria de 5. No caso de que estes dous nenos/as enviaran o traballo de repaso e reforzo aos seus mestres (anteriormente explicado) a súa nota subiría medio punto (6,5 para o primeiro suposto e 5,5 para o segundo). De ser o caso, coma nos supostos plantexados, e a obriga de empregar números naturais na aplicación XADE, beneficiaríase ao alumno/a e subiríase a nota ata o seguinte dígito (7 para o primeiro exemplo e 6 para o segundo).

# **METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE**

## **ACTIVIDADES**

As actividades que estamos a enviar neste terceiro trimestre é como unha sesión semanal, totalmente práctica e “adaptada” para que a poidan levar a cabo nos seus fogares e con material que poden atopar na casa. Ademais deixamos flexibilidade para que adapten os xogos e tarefas motrices como mellor lles conveña ou poidan. O fundamental é que teñan unha rutina e se movan o máximo que poidan sobre todo nas semanas de confinamento total.

## **METODOLOXÍA**

### **ALUMNADO CON CONECTIVIDADE**

A metodoloxía con alumnado con conectividade levarase a cabo a través da páxina web do centro, onde semanalmente subimos a sesión da semana (luns a primeira hora). Tamén para o período vacacional de Semana Santa deixamos unha serie de xogos e actividades para facer máis levadeiros eses días.

### **ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE**

No caso do alumnado que non ten conectividade, entregáremoslle a ficha da sesión impresa, grazas ás facilidades que pon o Concello de Narón en facerlle chegar.

## **MATERIAIS E RECURSOS**

Os materiais e recursos que precisaría o alumnado sería un ordenador, tablet ou móbil con conexión a internet. Mentres que para o profesorado o mesmo.